

O ESTUDIO DAS LITERATURAS NA REFORMA DO ENSINO

Ana María Platas Tasende

Instituto de Bachelato Rosalía de Castro
Santiago de Compostela

Falar da Literatura no futuro ensino pode provocar unha certa perplexidade á vista do que se avexia coa *reforma*. Por iso, parece útil unha previa ollada sobre o posto que ocupa esta materia no deseño conxunto das disciplinas. Tralo establecemento do que debe se-la súa función, cómpre observar se a *reforma* atende a ese obxectivo, propor camiños, se non o atende, e rematar, en fin, no tema central de como se ha integrar nel o enfoque da Literatura non hispánica.

Na *Historia da Literatura* e das súas manifestacións buscaban os gregos e sempre se seguiron a buscar dende eles- modelos dos máis altos logros conseguidos coa fusión de palabra e pensamento. Procuraban enriquece-la súa cultura individual e fomenta-lo espírito crítico, conscientes de que nin o presente nin o porvir se comprenden, nin son

nada, nin significan nada se non se coñece o pasado. Nel e no seu desenvolvemento áchanse as bases de todo o noso, da linguaxe, das tradicións, da ética, da política, das artes, da nosa condición irrenunciabile de seres humanos, cobizosos de saber, desprezadores da ignorancia.

Na Educación Secundaria Obrigatoria que polo seu mesmo nome debe de xulgarse un primeiro Bacharelato, ampliable con outro potestativo para quen queira acceder ó ensino superior, na ESO, pois, os estudos de Literatura resultan moi difíciles de atopar, seguramente porque, afeitos a pensar como os gregos, non damos entendido o rompemento que supoñen as novas propostas.

Se nos fixamos nalgúns textos que recollen, pensamos que por forza, os proxectos de modificación dos estudos medios¹, lemos, por exemplo: “Nesta

1. Vid. o titulado *Educación Secundaria Obrigatoria. Desenvolvemento Curricular. Secuencias de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, por Ciclos, para as áreas de: Lingua Galega e Literatura. Lengua Castellana y Literatura*, Gabinete de Estudio para a Reforma Educativa, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1992. Os dous Desenvolvementos Curriculares son practicamente iguais, polo que esta análise é válida para as Literaturas nas dúas linguas.



etapa de Secundaria non hai separación entre Lingua e Literatura, senón que a Literatura se presenta integrada na Lingua porque se considera o discurso literario como un feito comunicativo" (p.9). Diante disto, puidera un coidar que, malia a polémica e finalmente imposta aplicación da LOXSE, as cousas non andan des-nortadas: a Literatura é Lingua, e unha obra literaria constitúe un acto de comunicación. Tamén se ve lóxico, doutra banda, que algo tan trabado como a Lingua e as súas manifestacións estéticas non se manteña dissociado á hora da aprendizaxe.

Ben distinto, sen embargo, é deter-se na análise das *Secuencias de obxectivos e contidos*. Non acougamos por máis que se nos diga que o Currículo presentado "ten un carácter aberto e flexible", ou que "non ten carácter prescriptivo, senón que o seu obxectivo é o de facilitar un material que oriente, no seu traballo, ós equipos docentes", que serán os que leven a cabo unha concreción dos proxectos curriculares "que debe responder ás características dos alumnos, do centro e do contorno" (p. 3). Dende un profundo respecto por quen opine o contrario, advírtese que o tradicionalmente propio da Lingua aparece perfilado cunhas vagas pretensións de coherencia e de detalle baixo os epígrafes "Lingua e Sociedade" ou "A lingua como obxecto de reflexión"; o que se supón terra de todos ubícase no baúl de "Comunicación oral e escrita", e, por fin, outras cousas, entre as que se albisca o vocábulo *literatura*, agrúpanse cunha estremeceadora falta de precisión baixo o título "A lingua literaria".

De certo, o labor prioritario deste Desenvolvemento Curricular é proporcionar suxerencias ó profesorado. Aínda así, non ousamos dar creto a un panorama tan desorientativo para o Primeiro Ciclo (dos doce ós catorce anos), nin imaxinamos como un alumno sen case ningunha base teórica acadará situar un "texto no seu contexto cultural e literario" (p.21). Quizais o concepto da nova literatura considere prioritario ler sainetes, escenificar contos, cancións e romances ou redactar relatos, poemas e diálogos: todo indispensable, dende logo, como práctica e arranque das vocacións de lectores, actores e escritores, pero moito máis axeitado ós Estudos Primarios que ós Secundarios, nos que só ha constituir un punto de apoio, ben que de excepcional importancia. Pero, ¿de qué fundamentos han partir os futuros Meendinho, Molière, Margarita Xirgu, Rilke, Cunqueiro ou Cela, a quen, por certo, os profesores non parecemos te-la obriga de mencionar?

Propostas semellantes, dunha maior amplitude, exténdense ó Segundo Ciclo. Agora imos traballar con mozos que, ós seus catorce anos, han dar, por Decreto, un electroencefalograma plano no que á cultura literaria se refire. Así será se antes non aproveitamo-la idade na que hai unha grande ansia de recepción, forza de concentración e afán innato de saber na media normal do alumnado. Non parece arriscado afirmar que, despois dun Primeiro Ciclo tan práctico, sufriremo-la impotencia de obter algo tan elemental como que os nosos pupilos establezan "relacións entre obras, autores e movementos máis relevantes da Literatura(...)" e

os elementos máis destacables do contexto cultural, social e histórico no que aparecen" (p. 28). Non sobrará engadir que o sinalado, que polo menos fala, sen delimitar nada, de "obras, autores e movementos" ocupa menos da centésima parte deste Desenvolvemento Curricular do Segundo Ciclo e que é o bastante etéreo como para sementa-las interpretacións máis variadas entre o profesorado.

Nótase, non obstante, un plausible achegamento á teoría literaria, ós procedementos de análise e de comprensión de textos, ás composicións escritas e ás intervencións orais de moi diversos tipos: aquí están concentrados os meirandes acertos dos DC, mais non se ofrece detalle algún do que hai que facer co que tradicionalmente se chamou Historia da Literatura. E de ningunha maneira, anque se someta a un proceso de redución selectiva, debe de menosprezarse.

Doutra parte, se se arrinca de que a Literatura é "un feito comunicativo", ¿ por que non tratala coa mesma minuciosidade -quizais exhaustividade-, que a adicada ós outros medios de comunicación? Ó final destes catro anos os nosos alumnos desenvolverán un áxil espírito crítico diante das torpezas, ou dos acertos, da linguaxe na prensa, na televisión, na radio e dos seus acompañamentos colorísticos, lumínicos, subliminais e musicais. Non se menciona sequera que deban coñecer a fermosísima linguaxe na que se *comunicaron* Alfonso X, Manrique ou Fray Luis.

Podería ocorrer que nos Seminarios se presentasen serias dúbidas sobre como afronta-lo estudio da Literatura, que contidos e que obxectivos son os prioritarios. Mesmo podería chegar a cuestionarse a pertinencia da historia literaria, pois por ningures se nos di que aprendamos quen foron Virxilio, Dante, Shakespeare, Cervantes, Calderón, Rosalía de Castro, Valle-Inclán ou Celso Emilio Ferreiro...

Obsérvase un interese especial por fomenta-la lectura deixando no faiado ó escritor e ó seu contexto. Estáse a esquecer que Literatura non somentes é xogo, aínda que sempre o sexa un pouco e nestas idades máis. En Literatura hase cultivar a admiración que proporciona o aveciñármonos ós homes e ás mulleres que, nunhas condicións e nun tempo concretos, crearon as súas obras elevando a linguaxe ós maiores graos de competencia e de expresividade, para facela cristalizar nas que son algunhas das máis altas manifestacións do espírito humano. Este é o concepto que, como dixemos, chegou dos gregos ata nós.

Non quixeramos pasar por retrógrados con esta teima dos gregos. Veñamos a hoxe.

Nun fermoso libriño, *Edad Media y literatura contemporánea*, impreso en Madrid pola editorial Trieste en 1985 e froito da pluma de Juan Benet, Fernando Fernán Gómez, Jaime Gil de Biedma, Juan Goytisolo e Francisco Rico pode verse un artigo deste último, "Literatura e Historia de la Literatura", tan orixinal e impres-

cindible como todo o que escribe. Citando textualmente a Borges, sinala que “Cada escritor crea a sus precursores. Su labor modifica nuestra concepción del pasado, como ha de modificar el futuro” (p. 112) e relaciona esta afirmación do arxentino coa descrición da Literatura esbozada por T. S. Eliot en “Tradition and the Individual Talent”, do seu libro *The Sacred Wood* (1920), que é a seguinte²: “O sentido da historia é o que impulsa a un a escribir... consciente de que toda a literatura de Europa, dende Homero ata aquí, ten unha existencia simultánea e compón unha orde simultánea”. “Non hai poeta... que por si só teña plenitude de significado. O significado, a apreciación que lle corresponde, supón apreciar a súa relación cos poetas de onte... Non cabe xulgallo illado: hai que situalo, para cotexo e parangón, xunta ós autores de onte”. E segue a dicir Eliot, “Enténdaseme, trátase dun principio de crítica estética, non meramente histórica”. “...ó crearse unha nova obra de arte, ocorre algo que afecta simultaneamente a tódalas precedentes” (pp. 112-113). Francisco Rico, tras manifesta-lo seu acordo con Eliot e con Borges, expón opinións semellantes exemplificando sobre tres textos (un soneto de Quevedo, *La vida de Lazarillo de Tormes* e *El caballero de Olmedo*) e remata, despois dunha convincente demostración, coas verbas seguintes: “el poema, la novela y el drama recién considerados incluyen la mucha materia afín que les precedió y el proceso en que fue gestándose tal materia. La literatura, hoy, es la

conciencia del ámbito en que esos fenómenos se han producido y continúan produciéndose: la conciencia histórica de sí misma, la historia de la literatura (...). En literatura, la tradición, la historia, no aherra sino a quienes tienen vocación de esclavos: para los otros es el más fértil reino de la libertad” (pp. 129-130).

Na mesma liña atopamo-los traballos do catedrático Darío Villanueva, que no seu libro *El polen de ideas* (Barcelona, PPU, 1990) lembra tamén a Eliot e sinala que “todos los escritores, desde Homero hasta el propio Joyce, son contemporáneos entre sí, y también lo son nuestros, de forma que ninguna literatura es completa en sí misma, ni se puede comprender una obra cualquiera sin el apoyo de otras lecturas, cuanto más numerosas mejor” (p. 9). Villanueva engade, ademais, que o estudio da Literatura, para ser completo, ha resultar “de la armonización e intercambio entre cuatro disciplinas, la Teoría, la Crítica, la Historia y la Literatura comparada” (p. 10).

¿Con que rigor poderán face-los nosos adolescentes as prácticas de Literatura comparada que *si* aconsellan os Desenvolvementos Curriculares? ¿E os estudos de Retórica, Métrica e Teoría da Literatura, que tamén se nomean? ¿Dende que agro baldeiro van analizar e comparalos textos sen a apoiatura básica dunha historia literaria periodizada que tería que se-la primeira pedra, ben asentada, de todo o demais? ¿Como afondar na importancia

2. Tradúcense ó galego as citas de Eliot utilizadas para argumentar polo profesor Rico.

dunha metáfora se non se degusta o esforzo e a inspiración, as tradicións e a cultura que pesan sobre o escritor que a conseguiu?

Por se subestimar unha das súas partes esenciais, a súa evolución histórica e estética, desintegróuse nos DC esa ensamblaxe de materias que forman en conxunto o que entendemos como Literatura. Non nos chega que aludan ás facultades de decisión que os Seminarios van ter: ¿por que daquela se escribiu, nitidamente, que se explique a oración simple ou a estrutura da palabra e non que se fale de Lope ou dos movementos literarios da avangarda? A LOXSE conseguirá, con tantos recortes por tódalas bandas, que os estudantes rematen a ESO, ós dezaseis anos, ledos e amoreados, segundo o cómodo modelo político do que Huxley falou hai xa tanto tempo. E quédanos por ver que é da Literatura no Bacharelato: se alguén non o remedia, de novo unha cincuenta.

O feito de que nos DC se mencione, anque non se concrete, algo de evolucións, movementos, interrelacións, épocas e autores abre polo menos unha vía para que poidamos traballa-la literatura galega, a castelá, a universal, a Literatura. Xa antes se dixo que a Educación Secundaria Obrigatoria é a derradeira oportunidade de acceso ó saber para quen non siga máis alá. Se a etapa non obrigatoria dos dezaseís

ós dezaioito anos -o Bacharelato- pode supoñer un avance nos coñecementos, non restemos importancia á previa. Tódolos nosos alumnos, sexa cal sexa a súa idade, son cidadáns do século XXI, dun mundo sen fronteiras. Por iso nós, máis ca nunca, deberemos concibi-lo feito literario como único e universal, nun pleno sentido sincrónico e diacrónico, polo menos no que atinxe á cultura do Occidente. E por iso ós nosos discípulos, igual que lles falaremos dos escritores antigos, farémolles coñecer, poñamos por caso, a Flaubert, Dostoievski, Ibsen, Zola, Chejov, Kafka, Joyce, Pirandello, Faulkner, Sartre ou Beckett, creadores de tan fecunda proxección sobre os de hoxe mesmo.

O tratamento da literatura estranxeira foi variando nos sucesivos plans de estudos³. Algúns lembrámonos de cando nos falaban, con prudencia, dos *Veda*, do *Mahabharata* ou do *Panchatantra*, e, dende ahí, do máis notable da literatura non hispánica ata o abrente deste século que remata. Os estranxeiros do XX nomeábanse moi pouco, o mesmo que os españois contemporáneos. A situación política favoreceu ás veces este esquecemento tan antinatural.

No Bacharelato que agora temos, as referencias a autores doutros países inicianse no ano segundo⁴ cos do *trecento* italiano, aínda que se alude a clásicos grecolatinos ó se estudar obras do castelán

3. De aquí en diante as referencias a programas de Literatura redúcense ós da castelá, anque se segue a defender un ensino integrado da materia: moitas suxerencias están feitas pensando tamén na literatura galega.

4. Non trataremos da Literatura nos cursos específicos de Letras, ós que xa non acceden tódolos alumnos.

por eles influídas. O teatro inglés e mailo francés dos séculos XVI e XVII aténdense en temas precisos, o noso século XVIII explícase en boa parte polas súas débedas con Francia, e, xa co Romanticismo e o Realismo, alúdese a moitas figuras de diversas nacionalidades. Outro tanto ocorre cos diferentes movementos estéticos que se van sucedendo ó longo do século XX. Tamén se ve un pouquiño de literatura latinoamericana e de catalana. A galega ocupa o seu propio posto na nosa Comunidade.

Dous son os defectos fundamentais deste programa do Segundo Curso do BUP: a súa amplitude desorbitada e as lecturas fragmentarias, abondosas para o castelán, escasas para o estranxeiro, mais en todo caso tantas que non deixan, se o profesor non o impide, tempo para a reflexión sobre algunhas obras enteiras. Isto é extremadamente perigoso, pois o significado último dun texto non pode xurdir da súa visión parcelada. Os anacos das producións literarias son eficaces para variados exercicios prácticos, pero adoitan fomentar actitudes negativas de cara á lectura. Os rapaces teñen que gozar tamén do sabor de textos completos.

Polo que toca á Literatura como materia común no Bacharelato actual, recordemos que non figura no programa de Latín de Segundo, tampouco en ningún curso do BUP, nin no COU, como complemento das linguas estranxeiras vivas. Tales circunstancias fan recaer hoxe -e parece que mañá tamén- todo o peso do ensino da Literatura nos profesores das linguas galega e castelá. Da coordinación

entre nós van depender saberes humanísticos fundamentais.

Cara ó futuro, resultaría quizais proveitoso arrincar, na Secundaria, dunha programación semellante á hoxe vixente no Segundo de BUP, é dicir, dunha sucinta visión da literatura española relacionada coa mundial, pero agora cun sensible incremento desta última. O desenvolvemento dun currículo, que se ha alternar co da lingua castelá ó longo dos catro anos, haberá que formulalo baixo criterios de selección e de síntese. É evidente que non imos abarcala literatura mundial dende o acoso e a minucia, senón a través dos movementos, autores e obras máis representativos do pensamento e a cultura da humanidade, e, dende logo, daqueles que orixinaron as evolucións e as renovacións estruturais, temáticas, técnicas e estilísticas da Literatura mesma. Todo, anque non sexa moito, con orde e claridade.

O uso de esquemas que engloben todo aquilo que, sendo necesario, non dea tempo de explicar é indispensable como enlace e punto de apoio. O alumno debe sabe-lo que houbo antes, no medio e despois, anque sexa dunha maneira moi resumida; do contrario non terá posibilidades de interrelación nin comprenderá o porque de certas influencias. Un primeiro esquema, por exemplo, podería estar feito sobre a literatura clásica grecolatina, de tantas resonancias posteriores e tan abandonada nos estudos medios actuais. Para moitos será curioso observar como interesa aquel mundo, a Idade Media ou o Barroco, e como poucos o rexeitan porque lles atrae o antigo, fonte de tantas suxerencias.

Eses esquemas e resúmenes non deberán de tomarse como instrumentos de tortura que o alumno engula de memoria, senón como materiais de referencia e de consulta. Entre eles non sobrarán un repertorio de estrofas e outro de termos literarios que recolla o esencial dos artificios retóricos, do vocabulario usual en Literatura e de certas cuestións técnicas e estruturais, moitas xa especificadas nos DC. O continuado manexo de toda esta bagaxe rematará por facela familiar.

Pode que o problema máis serio xurda á hora de escoller lecturas. Moitas serán deses anacos escolmados que permiten un encontro fugaz co autor e o seu contexto e serven tanto para traballos escritos e orais como para pequenas tarefas de interrelación. Xa se falou antes, sen embargo, do fracaso ó que nos arriscamos abusando deste sistema.

Por iso, convirá intercalar lecturas de obras completas. Un total de vinte textos ó longo dos catro anos do Ensino Secundario Obrigatorio veríase, quizais, como unha proposta viable, pero aumentar ou reducir ese número dependerá do criterio do profesor e da capacidade dos seus discípulos. O repertorio terá que coirdarse moito: a xuventude sente ás veces unha especie de medo ante os libros demasiado extensos ou demasiado antigos. De esforzármonos por atopalos máis axeitados ós gustos dos rapaces e propor aqueles que, malia a súa remota época de creación, ofrezan valores atractivos e vixentes, depende a meirande parte do noso éxito e da nosa responsabilidade.

Lendo esas obras os alumnos tomarán contacto con outros tempos, outras maneiras de pensar e de vivir, outras relixións, outros costumes, outros países, outras culturas. Mentres tanto, aprenden a ser tolerantes, valoran o que de eterno e inmutable hai nos homes, exercitan o seu espírito crítico e amplían os seus horizontes máis alá da súa propia nación e da súa propia circunstancia. Se ben isto non é pouco, pódese engadir algo, a modoño, sobre as débedas e os influxos artísticos, as técnicas e os recursos de estilo máis recoñecidos en cada autor. Os intereses que academos espertar deberemos estricalos ó máximo. Será doado achar neles a xénese doutros novos.

O feito literario tampouco é, por outras das súas facetas, un feito illado. Non hai ningunha disciplina que tanto dependa das demáis como a Literatura. Non pode entenderse sen o apoio da Historia, a Arte, a Música, o Cine, a Xeografía, a Filosofía, a Relixión, a Antropoloxía, as Ciencias experimentais e, en fin, de todo o que aumente a cultura do home e amplie a súa visión do mundo. Isto é o que fai tan custosa e mesmo tan imperfecta e inalcanzable a ensinanza da nosa materia: á aprendizaxe dos alumnos pódenselle poñer unhas certas fronteiras, pero a do profesor non remata xamais.

Todos temos experiencias, trucos e sistemas pedagóxicos que proceden do día a día en contacto cos rapaces. O importante agora é poñelos en práctica e equilibrar nas programacións o peso da Lingua e o da Literatura, conscientes de que coa

segunda non estaremos senón reflexionando sobre a primeira⁵. A nós correspóndenos ensinar a ler con interese e con proveito, facer que o alumno saiba que o placer que arrinca do texto débese a que dende dentro del moitos resortes manexados pola habilidade dun escritor serven para atraelo. Ese placer que os estudantes atopen nos libros gardará proporción coa riqueza de coñecementos que posúan, e deses coñecementos, dosificados e adaptados a cada idade, seremos incitadores nós.

Tentamos, pois, unha aproximación ás dificultades con que a LOXSE ameaza o ensino das literaturas e propu-

xemos algunhas estratexias para evitar tanto risco, pero a idea eixe foi que a Literatura constitúe un feito *único* e que chegar a ela supón saltar por riba de séculos e de países dentro dunha ordenada simultaneidade. Xurdirá así o convencemento de que o home é tamén *un* nos seus problemas, no seu desexo do perfecto, na súa loita polo imposible, nos seus irrenunciabes afáns de creación. Dende estes presupostos xa non hai razas nin linguas, nin civilizacións diversas e escindidas. Quedan as conquistas de tódolos meigos da palabra xusta e perdurable, que fixeron posible o mundo de harmonía da Literatura Universal.

5. No momento mesmo de entregar estas liñas aparecen en librerías as *Propuestas de Secuencia. Lengua Castellana y Literatura*, AA. VV., Ministerio de Educación y Ciencia-Editorial Escuela Española, Madrid, 1993. Nas súas 276 páxinas pódense atopar unha chea de suxerencias, de cadrifóns e de esquemas. A Historia da Literatura e dos seus movementos estéticos segue ben agachada, aludida en xeral, sen un só nome concreto. Iso si, prima a idea de que os mozos han ser creadores. Creadores ¿a partir de que? ¡ Deus nos colla confesados!